

informatizados serán tratados con medidas asociadas a un nivel de seguraza alto, de acordo co disposto polo artigo 9 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

1. Integridade dos ficheiros de imaxes. Garantirase a autenticidade e inalterabilidade das imaxes desde o momento da súa captura no órgano rexistral ata a súa entrega ao Ministerio de Xustiza.

2. Envío de ficheiros de imaxes e metadatos. O envío das imaxes xeradas polo proceso de dixitalización dos libros rexistrais que se deban remitir ao centro de gravación, conforme o previsto no número 5 do artigo 7 desta orde ministerial, poderá realizarse ben de forma telemática, a través dunha liña de comunicación segura, ben mediante soporte físico (cintas, DVD ou outro dispositivo), e en ambos os casos as imaxes deberán ser convenientemente cifradas antes de realizarse o envío.

En particular, en caso de transmisión telemática das imaxes implementaranse canles de comunicación securizadas (SSL, IPSec, etc.) para garantir: a) a autenticación, integridade e non repudio mediante sinatura electrónica avanzada. Só se admitirán sinaturas electrónicas baseadas en certificados recoñecidos e vixentes que cumpran a recomendación UIT X.509.v3; e b) a confidencialidade, mediante a cifraxa.

Deberá existir un control do estado dos envíos que permita saber en todo momento onde se encontra cada páxina dixitalizada.

3. Centro de gravación. As instalacións onde resida o centro de gravación que acolla os servidores informáticos onde se localice a información así como os equipamentos de comunicacións deberá contar cun sistema de detección e protección contra intrusión e incendios, vixilancia durante as 24 horas do día, control de accesos, que deberá ser limitado exclusivamente ao persoal autorizado, e conexión con central de alarmas.

A base de datos temporal onde residan as imaxes e información gravada a partir da dixitalización dos libros rexistrais contará cun sistema de control de acceso que permitirá non só a autenticación senón tamén a auditoría de accesos.

4. Copias de seguraza e destrución da información. Establecerase un procedemento de copias de seguraza que garanta a recuperación dos datos e que cumpra o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para ficheiros de nivel alto.

ANEXO III

Dilixencias de apertura e peche dos libros complementarios de inscricións marxinais e de peche provisional e definitivo dos libros manuscritos escaneados

Dilixencia de apertura e peche dos libros complementarios de inscricións marxinais

Dilixencia de apertura.–Con esta data procédese á apertura deste libro complementario número da Sección de do Rexistro Civil de (provincia), o cal consta de 400 páxinas útiles, nas cales se redactarán as inscricións, anotacións e notas marxinais a que se refire o artigo 6 da Orde JUS/1468/2007, do 17 de maio, sobre impulso á informatización dos rexistros civís e dixitalización dos seus arquivos.

En, o dede

O/A secretario/a, O/A encargado/a,

.....

Dilixencia de peche.–Con esta data procédese ao peche deste libro complementario, que contén as inscricións, anotacións e notas marxinais ordenadas polo artigo 6 da Orde JUS/1468/2007, do 17 de maio, sobre impulso á informatización dos rexistros civís e dixitalización dos seus arquivos, referidas a inscricións principais, e téndose inutilizado as páxinas

O motivo da clausura é

En, o dede

O/A secretario/a, O/A encargado/a,

.....

Dilixencia de peche provisional e definitivo dos libros manuscritos obxecto de dixitalización

Dilixencia de peche provisional.–Con esta data procédese ao peche provisional deste libro, conforme o disposto no artigo 7 da Orde JUS/1468/2007, do 17 de maio, sobre impulso á informatización dos rexistros civís e dixitalización dos seus arquivos, contendo inscricións principais.

O motivo da clausura é a incorporación deste libro ao proceso de dixitalización prescrito na citada orde ministerial.

En, o dede

O/A secretario/a, O/A encargado/a,

.....

Dilixencia de peche definitivo.–Con esta data procédese ao peche definitivo deste libro, que contén inscricións principais, das cales se redactaron con posterioridade ao seu peche provisional, téndose inutilizado as páxinas

O motivo da clausura é a finalización do proceso de dixitalización do libro, conforme o prescrito pola Orde JUS/1468/2007, do 17 de maio, sobre impulso á informatización dos rexistros civís e dixitalización dos seus arquivos.

En, o dede

O/A secretario/a, O/A encargado/a,

.....

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10705 *ORDE APA/1470/2007, do 24 de maio, pola que se regula a comunicación de comercialización de determinados medios de defensa fitosanitaria. («BOE» 128, do 29-5-2007.)*

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, regula no capítulo IV do seu título III a comercialización e utilización dos organismos de control biolóxico e demais medios de defensa fitosanitaria distintos dos produtos fitosanitarios. As normas que regulan os produtos fitosanitarios, cada vez máis exixentes e restritivas, e a progresión da agricultura ecolóxica, na cal o seu uso está moi limitado, determinan a importancia destoutros

medios para o control ou a mitigación dos danos que poden producir as pragas dos cultivos.

Por outra parte, existen produtos de diferente natureza, como certas feromonas, que poden mellorar de distintas formas a eficiencia das actividades fitosanitarias, ou outros que poden favorecer que os cultivos desenvolvan vigor ou tolerancia fronte a patóxenos ou a condicións ambientais adversas, como os denominados fortificantes ou fitofortificantes, anteriormente catalogables como fertilizantes que, coa entrada en vigor do Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes, quedaron excluídos desta normativa, polo que corresponde establecer as disposicións necesarias para o seu encadramento como outros medios de defensa fitosanitaria.

A recente proliferación destes medios substitutivos dos produtos fitosanitarios, que cómpre controlar, require regular a comunicación a que se refiren os artigos 44 e 45 da citada Lei 43/2002, do 20 de novembro, así como o seu rexistro, o cal é obxecto desta orde.

Exclúense os organismos de control biolóxico exóticos, no relativo á comunicación, porque a súa comercialización está condicionada á súa autorización previa conforme o establecido no artigo 44 da Lei 43/2002, do 20 de novembro.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto desta orde é regular as comunicacións de comercialización dos medios de defensa fitosanitarios a que se refiren os artigos 44 e 45 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, así como o seu rexistro para coñecemento das administracións públicas e de calquera outra parte interesada.

2. Están incluídos no seu ámbito de aplicación os organismos de control biolóxico, as trampas e outros medios ou dispositivos para o control de pragas, así como os produtos non fitosanitarios que poidan favorecer que os cultivos desenvolvan vigor ou resistencias fronte a patóxenos, ou a condicións ambientais adversas, ou permitan mitigar doutra forma os estragos que poidan causar.

3. Exclúense do ámbito de aplicación desta orde:

- a) Os produtos fitosanitarios.
- b) Os fertilizantes.
- c) Os organismos de control biolóxico exóticos, no relativo á comunicación.
- d) Os medios de aplicación dos produtos fitosanitarios, sometidos a normativa específica.

Artigo 2. *Comunicación de comercialización.*

1. Os operadores que produzan ou sexan responsables da posta no mercado de organismos de control biolóxico, produtos, dispositivos ou outros medios comprendidos no ámbito de aplicación desta orde, presentarán unha comunicación de comercialización específica para cada un destes produtos, organismos, dispositivos ou medios.

2. A comunicación, que deberá conter como mínimo a información relativa á identidade e características específicas do medio de defensa fitosanitaria de que se trate, que figura no anexo á presente orde, acompañarase da etiqueta, instrucións de uso ou outra información con que se pretenda comercializar, da documentación técnica existente que lle corresponda, así como do xustificante do pagamento das taxas fitosanitarias conforme o artigo 67 da referida Lei 43/2002, do 20 de novembro.

3. As comunicacións dirixiranse:

a) Á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no caso de que se refiran a organismos de control biolóxico.

b) Ao órgano competente da comunidade autónoma onde teña o seu domicilio social o operador interesado, para as restantes comunicacións.

4. As comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Agricultura, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as comunicacións recibidas conforme o punto 3.b), xunto cun informe sobre a utilidade e comportamento do medio de defensa fitosanitaria de que se trate.

A remisión das solicitudes cos seus correspondentes informes deberase producir no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa recepción.

5. Na mesma forma que para a posta no mercado se procederá cando se pretenda introducir modificacións no medio de defensa fitosanitario comercializado ou corresponda a revisión da súa condición de comercializable sen autorización previa.

Artigo 3. *Comercialización e rexistro.*

1. Unha vez efectuada a comunicación a que se refire o artigo anterior, o operador poderá comercializar o medio de defensa fitosanitario correspondente.

Non obstante, se con posterioridade se advertise que non se trata dun dos medios aos cales lles é aplicable o requisito da comunicación previa, o operador deberá suspender a súa comercialización e retiralo do mercado, a requirimento da Dirección Xeral de Agricultura.

2. A Dirección Xeral de Agricultura inscribirá, no Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario, os medios de defensa fitosanitarios comunicados polos operadores conforme o artigo 2.

3. Na inscrición no Rexistro faranse constar os datos relativos aos puntos 2, 3, 4, 5 e 7 do anexo, con excepción dos relativos ao punto 4 que poidan constituír segredo industrial ou comercial, e a información manterase nun sistema informatizado para facilitar a súa consulta pública. Así mesmo, sobre os datos rexistrados poderanse emitir as correspondentes certificacións ou notas simples por solicitude dos interesados.

4. A Dirección Xeral de Agricultura procederá á revisión das inscricións cando:

- a) Se estableza regulamentariamente a existencia de novos requisitos polo avance dos coñecementos científicos e técnicos.
- b) Se advirta a existencia de riscos para as persoas ou os animais, ou para o ambiente.
- c) A información en que se sustentasen conteña elementos falsos ou enganosos.
- d) Os medios de defensa fitosanitarios que se comercialicen non respondan ás características ou especificacións declaradas na comunicación a que se refire o artigo 2.

A revisión das inscricións, cuxa iniciación se lles notificará aos operadores afectados, poderá ter como consecuencias o mantemento, a modificación, a suspensión ou a anulación delas.

5. Sen prexuízo dos controis oficiais que, conforme a Lei 43/2002, do 20 de novembro, se realicen sobre a produción, comercialización e utilización dos medios de defensa fitosanitarios, a Dirección Xeral de Agricultura desenvolverá, se é o caso coordinándose cos órganos competentes dos ministerios de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, un programa de seguimento das inscricións para os efectos previstos no punto anterior, requiríndolles para iso aos operadores afectados a documentación xustificativa correspondente.

Disposición transitoria. *Medios actualmente comercializados.*

As comunicacións correspondentes aos medios de defensa fitosanitarios afectados por esta orde que se estean comercializando actualmente deberán presentar no prazo de dous meses contados a partir da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de maio de 2007.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO

Información mínima que deben conter as comunicacións e solicitudes relativas ao rexistro dun medio de defensa fitosanitario

1. Obxecto da comunicación, debendo especificar se se refire:
 - a) Á inscrición no Rexistro.
 - b) Á modificación de inscrición.
 - c) Á petición de certificado rexistral.
 - d) Á baixa no Rexistro.
2. Clase de medio de defensa fitosanitario:
 - a) Un organismo de control biolóxico.
 - b) Un organismo doutra natureza.
 - c) Un produto.
 - d) Unha trampa ou outro dispositivo.
3. Denominación comercial, especificando o nome, a marca, etc.
4. Identificación do medio de defensa fitosanitario, mediante a indicación do nome científico, compoñentes e tipo de preparado, modelo, etc., segundo corresponda.
5. Produtor ou fabricante, especificando:
 - a) Nome e apelidos ou razón social.
 - b) Enderezo postal.
6. Situación das instalacións de produción, especificando enderezo postal.
7. Responsable da comercialización en España, especificando o nome e apelidos ou razón social, enderezo postal e demais datos para comunicacións (teléfono, fax e enderezo de correo electrónico).
8. O lugar e a data en que se realiza a comunicación.
9. A responsabilidade, o nome e apelidos e a sinatura de quen realiza a comunicación.

MINISTERIO DE XUSTIZA

10765 *ORDE JUS/1492/2007, do 21 de maio, sobre organización da Avogacía do Estado no ámbito autonómico.* («BOE» 129, do 30-5-2007.)

A recente modificación do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, a través do Real decreto 3/2007, do 12 de xaneiro, exige dun desenvolvemento regulamentario que especifique e desenvolva as funcións e competencias dos avogados do Estado-xefes nas comunidades autónomas,

como instancia funcional de apoio e coordinación das avogacías do Estado provinciais, de asesoramento especial ao delegado do Goberno na comunidade autónoma e de auxilio á propia Avogacía xeral do Estado.

En canto ás súas funcións, e ademais do asesoramento especial ao delegado do Goberno, que implica un asesoramento permanente, directo e inmediato, e a asistencia ás comisións territoriais de asistencia aos delegados do Goberno, estas desenvólvense en dous ámbitos distintos: con maior intensidade, desempéñanse respecto dos chamados asuntos supraprovinciais de toda a comunidade autónoma, respecto dos cales o avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma vén desempeñar as funcións dun avogado do Estado-xefe de unidade. Tales asuntos son aqueles cuxa importancia transcende dos límites provinciais, e mesmo, podería ser, dos autonómicos; pero non se trata de convertelos na categoría xeral, nin de centralizar sistematicamente estas cuestións sen atender á utilidade da devandita centralización, senón de ponderar o interese do seu tratamento único a nivel de comunidade autónoma. Nestes casos, as relacións e consulta coa Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado corresponderánlle, en principio, ao avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma.

O outro labor principal do avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma estará constituído pola coordinación e o apoio ás avogacías do Estado provinciais, tanto na epígrafe de criterios de actuación coma na de medios persoais e materiais.

Por tanto, estas funcións non empecen as dos avogados do Estado-xefes na Administración periférica agora actuantes, complementando o seu labor desde unha perspectiva acomodada á realidade territorial do Estado.

Por último, a atribución das funcións de coordinación e dirección no ámbito autonómico que desempeñarán as unidades da Avogacía do Estado en que se integra esta figura, exige que determinadas actividades e tarefas de orde administrativa e de xestión sexan asumidas pola organización daquelas e executada por unha unidade de apoio de carácter horizontal, nos termos previstos no artigo 19.2 do Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma.*

1. Para a coordinación da asistencia xurídica e o apoio ás avogacías do Estado provinciais, no territorio de cada comunidade autónoma haberá un avogado do Estado-xefe, na correspondente delegación do Goberno, que se localizará na cidade onde teña a súa sede a delegación do Goberno respectiva. As avogacías do Estado nas cidades de Ceuta e Melilla integraranse, para os efectos desta orde, na xefatura da Comunidade Autónoma de Andalucía, sen prexuízo das adaptacións que procedan de conformidade co artigo 2.

2. De conformidade co previsto no artigo 8.3 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, o posto de traballo de avogado do Estado-xefe no territorio da comunidade autónoma substitúe o de avogado do Estado-xefe na provincia onde teña a súa sede, asumindo as súas competencias e funcións.

3. Ademais das funcións referidas no parágrafo precedente, e sen prexuízo da superior dirección da Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, o avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma exercerá o asesoramento especial á Delegación do Goberno na respectiva comunidade autónoma, que implica en todo caso a asistencia ás comisións territoriais